

A 1ª REPÚBLICA (PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO)

O Fracaso da experiencia da I Monarquía democrática de Amadeo de Saboia dá **paso á 1ª experiencia republicana democrática e federal en España.**

A chegada de Amadeo de Saboia coincide coa morte por asasinato do seu principal valedor, o xeneral Prim. Entre as causas que explican o fracaso da monarquía de Amadeo podemos destacar a falta de apoios así como a oposición da nobreza, Igrexa e Burguesía dos negocios, a guerra carlista, a guerra cubana, a inestabilidade política, a oposición republicana e o espallamento do movemento obreiro. O detonante para a renuncia do Rei foi a disolución do corpo de artillería que lle impuxo o goberno. En febreiro de 1873 remataba a 1ª experiencia dunha monarquía democrática elixida polas Cortes.

Inestabilidade da I República.

A I República non naceu pola acción dunha maioría republicana (formada fundamentalmente por un grupo de intelectuais moi minoritarios e sen apoio popular), senón dunha Asemblea Nacional (Congreso e Senado reunidos) dominada polos partidos monárquicos, fundamentalmente do Partido Radical, que viron, despois da abdicación de Amadeo I, a República como única saída para manter os principios democráticos. Era unha unión accidental de radicais e republicanos.

A inestabilidade foi constante durante a breve vida da I República Federal (tan só 11 meses) durante os que houbo 4 Presidentes da República (Figueras, Pi y Margall, Salmerón e Castelar). Ós problemas da Guerra de Cuba e da Guerra Carlista hai que engadir as diverxencias entre os propios republicanos.

Durante I República, podemos distinguir 3 correntes entre os republicanos: os **republicanos unitarios**, unha minoría que defende un único Estado centralizado. Pretendían unha república onde se preservara a unidade nacional, cun sistema democrático parlamentario que garantira o orde e o progreso social e económico. Defendían un modelo próximo á Francia Republicana que xurdiu trala Comuna de París. Dentro dos federalistas distínguense 2 correntes: **os republicanos intransixentes**, levados polo ideario federalista querían formar xa estados independentes, os cantóns, e iniciar o proceso federal de “abaixo arriba”, sen esperar ó goberno Federal. Serán os que lideren o fenómeno cantonalista do levante e sur; **os republicanos federalistas, gradualistas**, partidarios de Pi y Margall. Queren chegar á República Federal trala convocatoria de Cortes constituíntes e a elaboración dunha Constitución na que se recoñeza España como unha república federal. Trala promulgación, crearíase a Federación (de arriba, abaixo). Desde os seus inicios, o republicanismo español estivo influído maioritariamente polo federalismo, grazas ó labor e á figura de Pi y Margall. O primeiro presidente do goberno da República, maioritariamente radical, foi **Figueras**. Os republicanos federais tiveron que aceptar unha **República Unitaria**, antes de que se formasen unhas Cortes Constituíntes que estableceran a república Federal.

Aínda que se **aboliron as quintas e os consumos**, producíronse levantamentos populares de carácter social (por mor de: a **fame de terras**, propia do sur; e **reivindicacións sociais dos obreiros**) e incrementouse a guerra carlista.

O inevitable choque entre radicais e republicanos produciuse moi cedo (os radicais intentaron varios Golpes de Estado). **Coa axuda dos voluntarios da República, os ministros republicanos conseguen, trala autodisolución da Asemblea Nacional, convocar unhas Cortes Constituíntes.**

As eleccións a Cortes Constituíntes celebráronse en maio por sufraxio universal dos maiores de 21 anos, e deron unha **ampla maioría ós republicanos federais** (debido o **retraemento dos principais partidos** políticos, que se negaron a participar nas eleccións). Ademais a participación do pobo foi minoritaria pois se **abstivo máis do 60%** do censo electoral. En Galicia foron elixidos 37 deputados republicanos dun total de 45. Trala dimisión de Figueras, As Cortes nomean un novo goberno presidido por Pi y Margall.

Presidencia de Pi y Margall. Durante o goberno de Pi y Margall, pouco máis de 5 semanas, iniciáranse unha serie de iniciativas que acabarán por non ser levadas á práctica. Aínda que consegue limitar o traballo dos menores nos obradoiros, **non vai aplicarse a devolución ós pobos dos bens comunais desamortizados no bienio**, nin a Constitución Federal, que queda en proxecto:

O Proxecto de Constitución Republicana Federal de 1873:

Vai ser **redactado por Castelar** e nel recóllese por primeira vez en España a **estrutura federal do Estado**. A idea básica era que acabaría co mal da centralización, un dos males da política do sistema isabelino, e que se **afondaría na democratización do Estado**. Tomaba como referencia a Constitución de 1869 (declaración de dereitos e liberdades) e a Constitución dos EE.UU para a configuración do Estado Federal.

Por primeira vez afirmábase expresamente a **soberanía popular e o sistema republicano federal**. A constitución contempla unha **federación de 17 Estados** (xerou protestas, pois recoñecía a Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Valencia e Vascongadas, ademais de Cuba e Porto Rico). **Cada Estado podía elaborar a súa Constitución, tiña poderes legislativo, executivo e xudicial e so tiña como límite a Constitución federal.**

O proxecto respectaba a declaración de dereitos da Constitución de 1869, dereitos de expresión, liberdade de pensamento, propiedade privada, seguridade persoal, inviolabilidade de domicilio e correspondencia, liberdade de traballo para os estranxeiros, dereitos de reunión e asociación. Liberdade de cultos. Liberdade de ensino.). No proxecto de 1873 ampliábase o Dereito de Asociación.

En canto ós **poderes**, a novidade consiste fundamentalmente nas funcións que debe desempeñar cada un e a incorporación do poder relacional.

recae no Congreso

O poder Legislativo

O Senado convértese nunha cámara de representación territorial dos distintos estados, sen iniciativa legislativa, pero controlaba a constitucionalidade das leis.

O poder xudicial seguía en mans dos tribunais de xustiza, estendía os xuízos por **xurados** e asumían como **novidade competencias para resolver conflitos entre os distintos Estados**. A máxima autoridade era o Tribunal Supremo, 3 maxistrados por cada Estado, velaba pola constitucionalidade das leis.

O Poder executivo estaba formado polo **goberno e o seu presidente**. A novidade é que se engade un novo poder:

O Poder relacional: novo poder que lle corresponde ó **Presidente da República**. Aínda que non lle corresponde o poder executivo, é o encargado de nomear o goberno. Trata de **manter a relación e equilibrio entre os distintos Estados** da Federación. Influído pola Constitución de EE.UU, o Presidente da República é **elixido por 4 anos por un sistema indirecto**.

En canto ás relacións coa Igrexa, avogaba pola **total separación da Igrexa e do Estado, a prohibición de subvencionar calquera culto e a esixencia de sanción civil de nacementos, matrimonios e defuncións.**

Os concellos, dispuñan de autonomía e dos 3 poderes, o lexislativo no Concello, o executivo no alcalde e o xudicial nun Tribunal municipal elixido por sufraxio.

O proxecto non chegou a discutirse, ó día seguinte da súa lectura o goberno caeu.

Aínda que As Cortes elaboraron certos proxectos de carácter social (reparto de terras non cultivadas, redención de foros... de xurados mixtos, protección do traballo ós menores de 16 anos) a maioría non chegaron a ter vixencia.

A República abriu novas expectativas ás clases populares (esperanza de reparto de terras entre os xornaleiros e melloras de traballo para o proletariado), pero a realidade foi que a insatisfacción xeneralizouse e espallouse o desengano ante a pasividade do goberno, imposibilitado de cumprir algúns dos seus compromisos, como a supresión das quintas, ante a continuidade da Guerra de Cuba e o espallamento da Guerra Carlista. A partir de xullo sucédense os alzamentos cantonalistas e un intento de revolución social en Alcoy.

O Cantonalismo (xullo 1873-xaneiro 1874)

Xorde a partir da concepción dos federalistas intransixentes que queren construír de abaixo arriba o Estado Federal. Na práctica tratouse dun movemento centrífugo, con máis arelas de independencia respecto ó poder central e provincial que de construción dunha federación de abaixo arriba. O cantón proclamábase independente do poder central, tanto do Estado como, nalgúns casos, da Capital Provincial (Betanzos quere separarse de A Coruña, Utrera de Sevilla...).

Os alzamentos diríxense sempre contra o goberno de Madrid, contra o exército e contra a Igrexa. Por exemplo en Granada, entre as medidas que se toman destacan a imposición dunha forte contribución ós ricos, o derrubamento das igrexas e a fundición das campás para acuñar moedas de bronce, a incautación dos bens do Estado.

O movemento cantonalista ten ademais unha vertente social, dada a afinidade dos republicanos federais co movemento obreiro neste momentos. Sen embargo, aínda que nos Comités republicanos están presentes os obreiros internacionalistas (ó igual que artesáns ou pequena burguesía), non se pode falar dunha relación da Internacional Obreira co movemento cantonalista. Os obreiros van participar de forma individual e espontánea e so en casos moi illados serán dirixentes deste movemento. A Internacional dará total liberdade ós seus membros para a súa participación.

Extensión do movemento cantonalista: Despois de que o goberno de Pi y Margall apostara pola construción gradual da República Federal, o 1 de xullo a minoría de deputados intransixentes retirouse das Cortes e animou á formación de cantóns.(a maioría dos cantóns non recoñecerán ó Estado Republicano Federal e entrarán en guerra con el).

O primeiro en proclamarse foi o cantón de Cartaxena, o 12 de xullo. Esténdese o movemento cantonalista polo levante (Castellón, Alacante...), Andalucía (Málaga, Granada, Cádiz, Sevilla...) e algúns puntos de Castela (Toro, Salamanca, Ávila, Toledo). A ausencia deste movemento polo Norte e Cataluña soe explicarse pola Guerra Carlista. **En xullo,** a causa da guerra carlista e a formación de cantóns, **o Estado so controlaba a metade do territorio.**

Os cantóns foron sometidos moi cedo. Entre finais de xullo e mediados de agosto os cantóns serán derrotados, agás Málaga, que resiste ata mediados de setembro, e Cartaxena que resiste ata xaneiro de 1874, xa rematada a República Federal. **Cartaxena** será a experiencia

máis significativa do cantonalismo e máis duradeira, debido fundamentalmente a súa fortaleza amurallada, unha privilexiada situación orográfica e o apoio da Armada. Nun principio intentará articular o Estado Federal “de abaixo arriba” e tratará de estender o movemento polas zonas próximas, pero desde agosto adoitará unha posición defensiva.. Durante a experiencia cantonal chegarán a establecer unha serie de medidas propias dun Estado como a recadación de impostos, relacións exteriores mediante os consulados, supresión da pena de morte, unha moeda propia, ou a xornada laboral de 8 horas.

Despois de sufrir 3 sitios, o Cantón de Cartaxena renderase despois do golpe de Pavía, tras concederlles o indulto xeral e o reingreso dos militares no Exército.

Presidencia de Salmerón. Salmerón, sucesor de Pi y Margall, trala dimisión deste, dirixirá a súa política a sofocar militarmente este movemento cantonalista. Tivo que recorrer a xenerais monárquicos como Pavía ou Martínez Campos. Dimite ó negarse a firmar 2 penas de morte impostas polos militares.

Presidencia de Castelar A Salmerón sucédelle o último presidente da I República, Castelar. Imponse unha política de orde. Executa penas de morte, limita a liberdade de prensa...Goberna por decreto, dissolve ós voluntarios da República, suspende as garantías constitucionais e suspende as Cortes ata xaneiro de 1874.

O exército cobra unha grande importancia debido á continuidade da Guerra de Cuba e o espallamento da 3ª Guerra Carlista, Castelar apoiase en xenerais monárquicos como Serrano e o Almirante Topete, mobiliza a 80.000 recrutas e restablece a arma de Artillería. A súa política conservadora lévao tamén a aproximarse ó Vaticano (acordo para a elección de arcebispos).

Golpe de Pavía. Como as Cortes, abertas de novo en xaneiro, chegaron ó acordo de volver pola senda federal e opoñerse ó goberno de Castelar, o xeneral Pavía na madrugada do 3 de xaneiro de 1874 invade o hemiciclo con tropas da Garda Civil e dissolve a Asemblea, rematando así coa experiencia da I República Federal.

Serrano asumirá o poder executivo do goberno. Con Serrano dáse por rematada a experiencia republicana federal de 1873.

A REPÚBLICA PRESIDENCIALISTA DE SERRANO. A RESTAURACIÓN BORBÓNICA.

Aínda que o goberno de Serrano se vai distinguir por unha política de orden, exercendo unha **política autoritaria fronte a republicanos federais e á I Internacional**, a realidade é que **Serrano non contará co apoio nin das forzas políticas nin do exército.**

Os intereses das clases propietarias e do exército irá decantándose cara a “ unha estabilidade política definitiva”, é dicir, establecer unha monarquía na figura de Afonso XII.

As circunstancias políticas e económicas non axudaban ó xeneral Serrano. A **penuria económica do Estado** debido ós conflitos bélicos **e o fracaso na guerra carlista** contribuirán a que no ano 1874 vaia cobrando forza a alternativa da restauración monárquica liderada por Cánovas del Castillo en prol de Afonso, o fillo de Sabela II. Tralo Manifesto de Sandhurst, asinado polo futuro Rei Afonso XII, onde se postula como Rei de España, o xeneral Martínez Campos pronunciárase en Sagunto a favor de Afonso. O triunfo do pronunciamento propiciará o final da República Presidencialista de Serrano , a chegada a España do rei Afonso XII e o inicio da **Restauración dos Borbóns.**

—Abdicación de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha búscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (-..)”.

Os republicanos galegos loitaron, en diversas fronte para conseguir o triunfo da república federal. En 1869 realizaron diversos actos encamiñados tanto a ampliar a súa base social como a forzar un cambio no sistema. Paralelamente, foron asinando diferentes pactos entre as distintas provincias e rexións de España en que se recollían a defensa da soberanía popular, da república federal e da milicia cidadá, ademais de precisarse a organización do Partido en comités locais, de distrito e provinciais, así como a formación dunha xunta xeral da federación e dunha comisión permanente con sede na Coruña.

Os representantes das cinco provincias de Asturias e Galicia acordaron aliarse e unirse para todo o que se refira á conduta do partido republicano e á causa da revolución, sen que de modo ningún intente separarse do resto da nación. (...)

A asemblea xeral galaico asturiana, considera como única forma de goberno, capaz de perpetuar a práctica das nosas grandes e patrióticas aspiracións, a república democrática federal.

O partido republicano de Asturias e Galicia queda constituído da seguinte maneira:

En cada concello haberá un comité composto de tres ou máis individuos, nomeado por sufraxio directo de todos os republicanos do mesmo concello (...) que nomearán individuos (...) para formar o comité do distrito xudicial (...). O comité de distrito nomeará un individuo para o comité provincial, e o comité provincial nomeará tres para a formación da xunta xeral da federación. (...)

Esta xunta (...) terá na cidade da Coruña, centro polo de agora da federación, unha comisión permanente (...). Esta comisión estará en comunicación directa coas de todas as confederacións de España e Portugal (...) e convocará todos os individuos para determinar en asuntos de carácter grave. (...)

Viva a República federal!

Pacto federal galaico asturiano. A Coruña, 18-7-1869

Despois da renuncia de Amadeo I, as Cortes, maioritariamente monárquicas pero sen alternativas, proclamaron a República. Os republicanos representaban a unha minoría social e entre eles había grandes diferenzas sobre o modelo de república.

Señores deputados: o partido republicano reivindica a gloria de ter acabado coa monarquía; non vos botedes en cara a responsabilidade deste momento supremo. Non; ningún a matou. Eu, que tanto contribuí a que chegase este momento supremo, debo dicir que non sinto, non, na miña conciencia, mérito algún de ter acabado coa monarquía. A monarquía morreu sen que ningún, absolutamente ningún, contribuíra con iso, máis que a Providencia. Señores: con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuga de Sabela II, a monarquía parlamentaria, e coa renuncia de Amadeo, a monarquía democrática. Ninguén, ningún acabou con ela. Morreu por si mesma. Ninguén trae a República; tráena as circunstancias; tráena unha conspiración da sociedade, da natureza, da historia. Señores: saudémola, como o sol que se levanta pola súa propia forza no ceo da nosa patria.

Emilio CASTELAR. **Discurso** [no Congreso]. 11-2-1873

Durante a Primeira República (1873-1874) as fortes diferenzas entre os republicanos federais sobre a organización política e o levantamento cantonalista, provocaron unha forte inestabilidade política e social, aproveitada polos republicanos unitarios, apoiados polos militares, para restablecer a orde e a autoridade.

O partido progresista-democrático e o partido republicano unitario, agrupados hoxe pola forza dos feitos, a atracción das ideas e polos altos sentimentos patrióticos nun só partido político, teñen a honra de dirixir a súa voz ao país (...).

Proclamamos a unidade da patria por deber e por interese social; e como lóxica consecuencia desta unidade, a unidade lexislativa e gobernante e a representación do goberno en todas as provincias por axentes que dependan tan só do poder central (...).

Un poder lexislativo único ha de dar as leis; un goberno único ha de aplicalas, e todos, individuos e corporacións, han de estar suxeitos a estas leis; e cando lonxe de ser opresivas son eminentemente liberais, cando inspirándose o lexislador no espírito moderno recoñece os máis amplos dereitos que en país algún se teñan recoñecido, opoñer autonomías cantonais á vontade suprema da nación, non é só romper sacrilegamente en anacos a patria, que cen séculos de loitas, dores e glorias conseguiron crear, senón que é poñer en tea de xuízo as máis prezadas conquistas democráticas.

PARTIDO REPUBLICANO-DEMOCRÁTICO. **Manifiesto**. 28-10-1873

Nos seus comezos, o republicanismo español foi federal, considerando que España nunca constituíra no pasado unha unidade política compacta e homoxénea, senón que estaba composta por entidades menores con diferentes linguas, costumes e intereses unidas polo vínculo de ter un mesmo goberno. Seguindo as argumentacións do seu principal ideólogo, Pi i Margall, a solución para manter a unidade de España e de recoñecer o dereito á autonomía política das diversas partes que a compoñían, era o establecemento da república federal.

Sabedes que é a Federación? A solución do gran problema político do século (...). Ou son autónomos o pobo e a provincia ou non son tampouco nin o individuo nin a nación. Se a nación é autónoma, é necesario que tamén o sexan todas as colectividades sociais, todas as agrupacións naturais; é dicir, o municipio e a provincia. (...)

Nosoutros, polo noso sistema, recoñecemos autónomas todas as rexións da Península; autónomas política, administrativa e economicamente. Poderá cada unha, polo noso sistema, darse a Constitución que estime máis conveniente: terá o seu Goberno, as súas Cortes, os seus tribunais, a súa milicia, a súa administración, a súa Facenda e entenderá de forma exclusiva canto corresponda a súa vida interior. Fará, se quere, oficial o emprego da súa lingua no seu territorio, corraxirá ou derrogará antigas leis, promulgará as que considere... Gozará, nunha palabra, de todas as atribucións que non sexan expresamente conferidos aos poderes federais. (...)

No noso sistema (...) cada rexión é un Estado dentro do Estado, pero sen que mutuamente se invadan nin padeza ningún dos dous. Sistema máis racional, máis acomodado á natureza, máis flexible, máis apto para unir as nacións de toda a terra, non o concibiu ningún talento político. Adoptárono os traballadores cando quixeron organizarse internacionalmente e a el van incluso os que soñan coa total abolición do Estado.

Francisco PI I MARGALL. **Lecciones de controversia federalista e artigos doutrinais**. 1906

“ Queremos os federais na orde humana: Libres o pensamento, a conciencia, os cultos; respecto a todas as relixións, preferencias nin privilexio a ningunha; suprimidas as obrigas do culto e do clero; dotados os sacerdotes de todas as igrexas dos mesmos dereitos que os demais cidadáns, atidos aos mesmos deberes e suxeitos á mesma xurisdición e ás mesmas leis; civís o matrimonio, o rexistro e o cemiterio.

Garantidos a vida e o traballo; inviolables a personalidade, o domicilio e a correspondencia; abolida a pena de morte; perseguida sen piedade a vagancia.

Queremos na orde política: A vontade do pobo como a única orixe lexítima do poder público; os tres poderes limitados (...). O sufraxio universal; as leis fundamentais, sometidas á sanción do pobo (...) A República por forma de goberno; a Federación por sistema. A nación dividida en Rexións, e as Rexións en municipalidades; as municipalidades e as rexións autónomas a par da Nación en todo o que a súa vida interior corresponda (...).

Os estados rexionais, que han de ter ao seu cargo o réxime da vida rexional no político, o económico e o administrativo (...) a garantía e a defensa da liberdade e a orde (...) a organización das milicias rexionais, subordinadas ao estado central só en caso de guerra co estranxeiro (...) a imposición e cobranza dos tributos (...)

“

Programa do Partido Federal

Os federais intransixentes ou cantonalistas defenderon que a federación debía facerse desde abaixo, mediante a proclamación de unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, rexeitando así o Proxecto federal que defendían os gradualistas. Este movemento cantonalista foi importante en 1873 en Levante e Andalucía, destacando o Cantón de Cartaxena.

Cartaxeneiros: os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade temos constituído a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración (...). Proclamada como forma de goberno para España a República federal, o pobo republicano (...) reclamaba que se organizase a Federación, establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns (...), pero o pobo non ve nin no Goberno nin na Cámara constituínte unha predisposición para a inmediata execución das reformas (...). Esta Xunta levántase en armas porque cre que está en perigo a santa causa da República federal (...).

Aquí non hai verdugos nin vítimas, opresores nin oprimidos, senón irmáns prontos a sacrificarse pola liberdade e a felicidade dos seus concidadáns.

Viva a República Federal! Viva a soberanía do pobo!

XUNTA REVOLUCIONARIA DE CARTAXENA. **Proclama.** 12-7-1873

-Proxecto de Constitución federal de 1873:

Art.1. Compoñen a nación española todos os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Porto Rico, Valencia, Rexións Vascongadas. Os Estados poderán conservar as actuais provincias ou modificalas segundo as súas necesidades. (...)

Art. 25º. Ninguén impedirá, suspenderá nin disolverá ningunha asociación, cuxos estatutos sexan coñecidos oficialmente, e cuxos individuos non contraian obrigas clandestinas.

Art. 35º. Queda separada a Igrexa do Estado.

Art. 36º. Queda prohibido á nación ou ó Estado federal, ós Estados rexionais e ós Concellos subvencionar directa nin indirectamente ningún culto.

Art. 37º. As actas de nacemento, de matrimonio e defunción serán rexistradas sempre polas autoridades civís.

Art. 38º. Quedan abolidos os títulos de nobreza.

Art. 39. A forma de goberno da Nación Española é a República federal (...).

Art. 42. A soberanía reside en tódolos cidadáns, e exerceuse en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación (...).

Art.45. O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes”.

Art. 46º. O Poder lexislativo será exercido exclusivamente polas Cortes.

Art. 47º. O Poder executivo será exercido polos ministros.

Art. 48º. O Poder xudicial será exercido por Xurados y Xuíces, cuxo nomeamento non dependerá endexamais doutros Poderes Públicos

Art. 49º. O Poder de relación será exercido polo Presidente da República.

Art. 52º. Os senadores serán elixidos por as Cortes dos seus respectivos Estados, que enviarán catro por cada Estado, sexa calquera a súa importancia e o número dos seus habitantes.

Art. 81º. O Poder de relación será exercido por un cidadán maior de trinta anos, que levará o título de Presidente da República Federal, o seu cargo só durará catro anos, non sendo inmediatamente reelixible.

Art. 92º. Os Estados teñen completa autonomía económico-administrativa e toda a autonomía política compatible coa existencia da Nación.

Art. 93º. Os Estados teñen a facultade de darse unha Constitución política, que non poderá en ningún caso contradicir a presente Constitución.

Art. 94º. Os Estados nomean os seus Gobernos respectivos e as súas asembleas lexislativas por sufraxio universal.

Art. 96°. Os Estados rexerán a súa política propia, a súa industria, a súa facenda, as súas obras públicas, os seus camiños rexionais, a súa beneficencia, a súa instrución e todos os asuntos civís e sociais que non foran remitidos ó Poder federal por esta Constitución